

[Introducir aquí título de la entrada del blog]

---



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDEACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. CONDESA DE FENOSA

Tlf. 988.32 10 60. Fax. 988 32 59 69 E-mail: ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es

Rúa Coruña nº 24.- 32.300.- O BARCO DE VALDEORRAS

---

CONDESA DE FENOSA

## Guión para a reunión de nais e pais de 3º e 4º de Primaria

**10 de outubro de**

**2017**

### **DATOS PERSOAIS:**

✓ Lembraros que comuniquedes coa máxima brevidade os cambios que se poidan producir durante o curso en canto a: **datos telefónicos** (e, sobre todo, teléfonos de urxencias), datos persoais, enfermidades, intolerancias alimentarias ou alerxias.

### **ENTRADAS E SAÍDAS :**

✓ Agradeceríamos, para unha mellor organización na entrada ao colexio, que os/as nenos/as de Primaria que veñen en coche se baixen despois do paso de peóns e non na **zona reservada para o transporte escolar**, para posteriormente entrar pola cancela pequena.

✓ Os nenos/as de Primaria non poden entrar pola **porta de Infantil**. Só saír no caso de ter irmáns en Infantil.

✓ É necesaria a máis estrita **puntualidade**, evitando interromper as clases e o tempo de lectura silenciosa. No caso de retrasarse será necesario esperar ao remate da lectura silenciosa.

✓ No caso de que un alumno/a **non vaia utilizar o transporte escolar** un día determinado, deberán entregar ao titor/a unha **autorización** asinada polo seu pai/nai/titor/a (pode ser na axenda) e informar tamén á coidadora de transporte.

✓ En caso de que ao rematar as clases un alumno/a non atope á persoa encargada de recollelo, deberá poñelo en coñecemento dun mestre/a e **non marchar só** para casa.

✓ Lembrámosvos que o ensino é obrigatorio, polo que, estase levando a cabo un protocolo de absentismo escolar. Así que, será necesario **avisar cando o neno/a non**

**poida acudir ao centro** e xustificar as faltas que sexan por enfermidade con xustificante médico.

✓ **Para saír o neno do centro** (por exemplo, para unha visita médica) **deberán vir a recollelo ao centro, pedindo ao conserxe ou calquera outro mestre que avise ao neno/a**, evitando acceder ás clases dentro do horario lectivo. Antes de saír deberá asinar no libro correspondente. No caso de levalo durante o recreo, deben informar a un mestre de garda de patio.

✓ recordarvos, aos que aínda non os trouxestes, que nos fagades chegar asinado o modelo de **autorización** único para todas as saídas que se fagan no Barco. Así como a autorización para facer fotos e vídeos dos alumnos cun uso exclusivamente educativo.

## **SAÚDE E HÁBITOS:**

✓ En caso de que o/a alumno/a presente **alergia** a algún alimento ou fármaco, será preciso presentar certificado médico. Debido á cantidade de alerxias alimentarias que hai no centro, agradecemos que non lles dean nada **a través do enreixado** do colexio para evitar que outros nenos afectados poidan consumilos.

✓ No caso de que o neno/a padeza unha **enfermidade infecciosa e/ou contaxiosa** **deberá permanecer na casa** no tempo que determinen as autoridades sanitarias, coa fin de evitar contaxios ao resto dos compañeiros/as.

✓ **Informar ao titor ante calquera tipo de doenza** (asma, diabete, problemas de audición ou visión...) para tomar as medidas oportunas que eviten posibles problemas. Tamén avisar, no caso de estar tomando **medicacións** que poidan influír no desenvolvemento habitual do neno/a na aula (somnolencia, cansazo, hiperactividade, ...). Por norma xeral, non nos facemos responsables de administrar a medicación aos alumnos/as. Tratarase de axustar as tomas para que coincidan fóra do colexio. En casos excepcionais, falarase co titor/a e buscarase unha forma para poder administrarlle.

✓ No caso de que o neno/a tivese un **accidente** no colexio ou se mostrase indisposto, **avisarase aos pais/nais** para que o leven ao médico se o seu estado non é grave. No caso de que houbese unha certa urxencia, avisarase ao 112 ou levarase directamente ao hospital/centro de saúde, ao tempo que se avisará á familia.

✓ En caso de que se detecten **piollos** avisar á maior brevidade posible ao titor/a, que enviará unha nota informativa a tódolos pais e nais para tomar as medidas oportunas para acabar coa infestación.

✓ O **comedor escolar** ten dúas funcións primordiais, unha alimenticia e outra educativa. Polo tanto, solicitamos a colaboración das familias para fomentar dende a casa hábitos saudables. Procurar ler os menús do comedor, tanto para compensar a dieta da casa coa do comedor, como por conter informacións nutricionais de interese.

✓ É responsabilidade dos pais/nais **a educación en hábitos de vida saudable**.

1. Neste sentido os boliños industriais, lambetadas e demais **comidas lixo non se poderán traer ao colexio**, e substituiranse por froita ou bocadillos. Fomentarase os aniversarios con doce caseiro, biscoitos, ... Así mesmo, agradeceríamos que a entrega das invitacións para os aniversarios se faga fóra do recinto escolar (para evitar posibles conflitos).

2. Que o alumno/a **durma as horas necesarias** (consideramos que polo menos necesita 10 horas de sono) é fundamental para o seu rendemento escolar, así como, chegar ao colexio ben **almorzado**.
3. **Control do ocio dos nenos**, limitación das horas de TV e do tipo de programas que se visualizan, así como, o uso de videoxogos, etc. Potenciando no seu lugar as actividades físicas ao aire libre.
4. Control do **peso das mochilas** dos nenos/as e que as coloquen ben nas costas.

## CONDUTA:

✓**Explicación do Carné por puntos (3º Primaria)**. Outro ano máis continuamos coa utilización do carné por puntos como sistema para controlar e mellorar a conduta dos nosos alumnos. Entregarase ás familias para asinar. Isto repercutirá na súa participación en actividades extraescolares e complementarias. Así como en premios para aqueles que o manteñan inmaculado.

✓**Explicación Class Dojo (4º Primaria)**. A conduta e outros aspectos de organización da aula, así como de intercambio de información entre titoría e familias, realizarase co apoio da aplicación **Class Dojo**. Considerouse moi positiva a experiencia do curso pasado.

✓Unámonos para **combater a agresividade** mantendo unha postura común. Non digades aos nenos/as "pégalles se che pegan". Existen outros mecanismos para solucionar os conflitos. Podedes acudir aos titores/as con total confianza para solucionar estas ou outras situacións. **Tampouco se consentirá que os pais e/ou nais ameacen ou interfiran na resolución dos problemas entre nenos/as**. Esta actitude tense revelado como moi contraproducente. O mecanismo correcto é avisar ao profesorado que tomará as medidas oportunas para solucionar o problema. Ante a posibilidade de que un neno/a estea sendo **molestado/a** por outros/as, deberá darse noticia deste feito ao profesorado, que investigará a situación e tomará as medidas adecuadas para a súa resolución.

**Calquera mestre do centro ten potestade para atender e/ou reprender a un alumn@**, independentemente de se lle imparte clase ou non.

Do mesmo modo, nas horas de comedor, **as nais coidadoras teñen a responsabilidade** da atención, coidado e para reprender a un alumn@ ante un comportamento inadecuado.

Dende o centro consideramos fundamental que se lle inculque aos nenos dende a casa o respecto cara a todos os adultos que traballan no noso colexio.

A Orientadora do Centro tamén está a disposición das familias, previa cita concertada con anterioridade (a través da titora ou telefonicamente coa propia Orientadora).

Na aula teremos unha caixa de suxestións e/ou inquiredanzas, onde os nenos poderán escribir sobre calquera tema que lles preocupe; para posteriormente poñelo en común na clase.

## OUTROS AVISOS:

✓ **O horario de titoría é o martes de 17:10 h. a 18:00 h.** Débese mandar unha notifiña previa cando queiran falar co mestre/a titor/a e/ou algún especialista. Tamén poden usar a **aplicación Abalar** para solicitar unha cita con calquera mestre.

✓ Recordarémolle aos pais que coa entrada da LOMCE, os alumnos poderán **repetir** unha única vez en toda Primaria, pero **en calquera curso**.

✓ Resulta fundamental que o/a neno veña con **aspecto limpo e aseado** ao centro. Nas clases de **Ed. Física** ducharanse tras o exercicio, polo que se fai necesaria a colaboración das familias enviando o material de aseo (preparado polo propio nen@) que solicite o profesorado (toalla, chanclas, camiseta, calzón ou braga e calcetíns).

✓ No caso de que un/unha alumno/a **esqueza algún material na casa**, pregamos que os pais/nais non llo acheguen ao colexio, co fin de fomentar e potenciar a súa autonomía e responsabilidade.

✓ Temos comprobado que o número de **pezas de roupa que se perden** e non se recuperan é moi grande. Sería moi aconsellable que as pezas de roupa, **viñesen marcados co nome na etiqueta** para facer máis doada a devolución. (Tamén hai chaveiros con chaves de casas e lentes que non son reclamados).

✓ **Pregamos que se lean as notas informativas que se mandan do centro.** Tamén o libriño informativo que se manda ao principio de curso contén informacións que moitas veces veñen solicitar despois ao colexio. Léndoo evitaremos molestias.

✓ Os nenos traballan mellor se atopan **interese polo seu traballo** na casa. Controlar os seus cadernos con asiduidade, axudarlle coas súas tarefas (non facerllas).

✓ Os pais, nais, avós... que queiran colaborar coas distintas actividades da **biblioteca** poden facelo. **Os martes** de 17:00 h. a 18:00 h. **contamos un conto**, e aqueles familiares que queiran contar unha historia non teñen máis que comentarllo ao seu titor, e xa se lle dirá a data na que o pode realizar. As familias que teñan titoría ese día, poderán deixar ao seu fillo/a na Biblioteca.

✓ Non se poden traer **móviles** ao colexio. Nin ningún outro aparello electrónico, salvo permiso expreso da titora.

✓ Non entregar **cartos** aos nenos/as para vir ao colexio. Non lles fan falla para nada e só xeran conflitos.

✓ Non traerán ao centro: pelotas, nin bonecos, nin peluches,... porque moitas veces son fonte de conflitos.

✓ Consideramos importante que adquiran o hábito do cepillado dos dentes despois das comidas. Imos facilitarlles un lugar para gardar o material. Considérase imprescindible que as familias fomenten este hábito dende a casa.

✓ Este curso, seguiremos a ter unha reunión con todos os pais ao inicio de cada trimestre. Onde falaremos da marcha da clase e outros temas de relevancia que poidan xurdir. Como novidade, pensamos preparar nalgunha destas reunións unha pequena charla sobre temas que consideremos de relevancia para a educación dos vosos fillos.

Dende o Departamento de Orientación seguiranse pasando, neste primeiro trimestre e para o alumnado de 3ºCurso, unhas **probos de detección precoz** de dificultades e/ou problemas de aprendizaxe, descubrir os talentos e detectar carencias, para o que se enviará ás familias unha autorización previa.